



DEPORTE  
GALEGO

# CAMPIONATO AUTONÓMICO OPEN EMBARCACIÓN FONDEADA CLUBS

**16 DE MARZO DO 2024**  
**(data alternativa 23 de marzo)**

## RIBADEO

Esta competición desenvolverase conforme ao regulamento da FGPeC e conforme ás normas vixentes en materia de pesca que rexen na Comunidade Autónoma de Galicia.

### Características Técnicas do Escenario

Haberá varios posibles escenarios. Segundo o vento e o mar que atopemos na mañá da competición o Comité decidirá en cal se pesca.

<b>PROGRAMA :</b>
<b>6,45 Horas: Recepción de pescadores no porto. Control individual da temperatura.</b>
<b>7,00 Horas: Sorteio de embarcacións</b>
<b>7,30 Horas: Saída cara o escenario da competición</b>
<b>8,00 Horas: Comezo da 1ª manga</b>
<b>11,00 Horas: Fin da 1ª manga</b>
<b>11,30 Horas: Pexase</b>
<b>12,00 Horas: Pausa bocadillo e saída dos deportistas cara o escenario da Competición.</b>
<b>13,00 Horas: Comezo da 2ª manga</b>
<b>16,00 Horas: Fin da competición</b>
<b>16,30 Horas: Pexase, publicación de clasificacións entrega de trofeos</b>

(Estes horarios poderán ser modificados por circunstancias climatolóxicas, por seguridade ou por imprevistos.)

### BASES



DEPORTE  
GALEGO

**XURADO:** A súa composición nominal darase a coñecer, despois de feito o sorteo.

**MANGAS:** A Competición desenvolverase en dúas mangas de 3 horas de duración cada unha. As mangas poderán acurtarse ou suspenderse por motivos de seguridade.

**SORTEO:** A distribución dos deportistas nas distintas embarcacións resolverase por sorteo de modo que non teñamos máis dun deportista por club en cada sector/embarcación.

**SECTORES:** Haberá un número de sectores igual ao número de embarcacións participantes nesta proba.

**CONTROIS:** A función de controis farana os patróns, que vixiarán o cumprimento das normas da competición e informarán ao Xuíz do seu incumprimento. Os patróns son a máxima autoridade mentres se estea embarcado. As súas decisións son inapelables.

#### **MATERIAL DEPORTIVO:**

**CANAS:** O deportista só poderá ter unha cana en acción de pesca. Durante a acción normal de pesca a cana debe sosterse nas mans, sen apoiala nin fixala á embarcación. Os deportistas poderán ter montada de reserva outra cana, pero sen o baixo de liña. As canas terán unha lonxitude máxima de 5 metros, con carrete, un mínimo de 4 argolas e baixo de liña lastrado.

**CARRETES:** De uso opcional, manual ou automático, de bobina fixa ou xiratoria. Prohibidos os carretes eléctricos.

**LIÑAS:** Libres, tanto no seu diámetro coma na súa composición. Está prohibido o uso de flotadores na liña.

**BAIXOS DE LIÑA:** Son libres en diámetro e composición, incluso metálicos. Poderán ir provistos dun máximo de tres anzois simples. A lonxitude será discrecional, non obstante non poderán superar o largo da cana. Os baixos de liña de reserva deberán permanecer debidamente gardados.

**LASTRES:** O seu peso será discrecional en función do vento e da corrente. En todo caso o seu peso non será inferior a 80 grs e deberá sempre tocar fondo. En ningún caso se permitirá que a deriva por corrente ou vento moleste aos deportistas contiguos. De ser así ao infractor daráselle un aviso. De reproducirse ese feito será expulsado da competición.

**ANZOIS.** Cunha medida mínima de 7 mm de ancho total. Os deportistas non poden estar en posesión de anzois cunha apertura inferior a 7 mm. de ancho total. Quen infrinxa esa norma será desclasificado desa manga. De reiterarse esa circunstancia será expulsado da competición.



**CAIXÓNS.** Dunha medida máxima de 40 Cm de largo por 30 Cm de ancho.

**PERMÍTESE:**

Utilizar, sempre fóra do anzol, materiais atraentes coma culleriñas brillantes, perlas e plumas coloreadas, pezas fosforescentes, etc.

Un máximo de tres perlas flotantes en cada baixo de liña, cuxa dimensión máxima de cada unha delas sexa de 15 mm.

O fío elástico para fixar o cebo no anzol.

O uso de elementos auxiliares coma o redefol ou o bicheiro. Este último debe estar desprovisto de arponciño. Os redefoles e os bicheiros son de uso persoal, eventualmente, permítese prestalos entre deportistas da mesma embarcación.

Embarcar un só caldeiro (capacidade máxima 17 litros) e un só caixón por deportista.

**NON SE PERMITE:**

O uso e tenencia de produtos ou elementos atraentes olorosos.

O uso de anzois dobres ou triplas.

**CAPTURAS:** As pezas presentadas á pexase, inferiores en 1 cm. á medida mínima legal establecida pola Consellería de Pesca, serán penalizadas descontando o seu peso do total obtido. Non serán admitidas como válidas as seguintes especies: muxo, congro, agulla, xurelo e xarda.

**CEBO:** Será igual para tódolos participantes, e constará probablemente de 6 caixas de coreano e 200 grs. de lagostino por manga. O cebo subministrarao a Federación Galega de Pesca (Comité Embarcación Fondeada).

**CLASIFICACIÓNS:** Outorgaráselle un punto por gramo do total do peso obtido na pesaxe. O sistema de puntuación seguirá os mesmos criterios que para mar costa. En cada manga asignarase a cada club un número de postos igual á suma dos postos obtidos polos catro integrantes do club. A clasificación final será pola suma dos puntos obtidos por cada club en cada manga ordenados de menor a maior.

**REGULAMENTO:** Para as sancións aplicarse o Regulamento disciplinario da FGPeC. En canto ao resto das normas, serán de aplicación as resolucións do xuíz da competición ou do Comité da Proba.

**INSCRICIÓNS:** Os participantes pagaran unha inscrición de 280.- € por club, (catro deportistas por club) (20+25+25) x 4, que deberán ser ingresados na conta da FGPeC **ES34 2080 0176 9630 4001 0672**. As inscricións cómpre



DEPORTE  
GALEGO

facelas, incluíndo o xustificante do ingreso, ao correo [delegadolugo@fgpesca.org](mailto:delegadolugo@fgpesca.org) e a data linde para facelo é o 8 de marzo do 2024 ata as 14,00 horas.

O primeiro club clasificado representará a Galicia no vindeiro campionato de España 2025 nesta especialidade.

Os participantes deberán de estar en posesión das licenzas federativas e de pesca en vigor. Os clubs polos que compitan deberán de estar ao corrente das súas obrigas coa Federación Galega de Pesca e Casting.

Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma. Elevarase acta da competición ao Comité de Disciplina que, de ser o caso, actuará de oficio.

**PARA QUE ESTA COMPETICIÓN SE DESENVOLVA DEBERÁ HABER UNHA PARTICIPACIÓN DE COMA MÍNIMO 5 CLUBS.**

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

**A organización poderá controlar antes, durante ou despois da competición, o peso dos chumbos e as medidas dos anzois que os deportistas teñan no seu poder. En caso de estar en posesión de lastres dun peso inferior aos 80 grs ou de anzois dunha apertura inferior aos 7 mm, serán desclasificados.**

**A desclasificación ou expulsión dun deportista desta competición, significará a desclasificación ou expulsión de tódolos integrantes do club que con el compitan nesta proba.**

Cómpre levar posto o chaleco salvavidas durante todo o tempo que se estea embarcado. Expulsarase da competición a quen incumpra esta obriga e a quen non acate inmediatamente as decisións do patrón da embarcación na que estea a bordo.

A organización non servirá nin fará servir ningunha sorte de avituallamento.

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma sen previa solicitude de autorización.

**D. RAMÓN SOUTO PÉREZ**  
**Presidente do Comité de Embarcación Fondeada da FGPeC**